

ARTE DE GRUMETE (DIÁLOGO CO VERSO DE XOHANA TORRES)

No barrio de Canido cantaba unha serea cando a nena Xohana corría polas súas rúas cunha fita vermella no pelo. Tiña por entón uns vasos cheos de flores e unha avoa, Lola, que encheu de contos as súas tardes de infancia. Despois, a fita perdeuse da man dunha nova muller que, ó substituíla, borrou os trazos da nena para facerse grumete sempre a navegar os mares do mundo. Moitas foron as súas mareas, tantas como as reservadas a aquel mítico Ulises, e así afrontou as augas turbulentas e o recalmán coa ansia de quen descobre que a travesía é o seu sino vital. Ecoaban aínda as palabras de Penélope reclamando o seu dereito -“*Eu tamén navegar*”- e xa Xohana ía sulcando as ondas co ímpeto da xuventude. E, entre sal e vento, as súas palabras facíanse verso, cartografía íntima das máis fondas singraduras. O atlas do seu periplo trázase nos mapas que nos guían ata *Do sulco* (1957), nas innúmeras *Estacións ao mar* (1980) e nun *Tempo de ría* (1992) que nos transporta lento cara ó final. Agora, unha década despois do seu último envío, recibimos de novo noticias da navegante recuperando algunhas das súas antigas rotas (en concreto as xa plasmadas na segunda das súas obras) xunto con outros ronseis inéditos: os que nos levan ata *Ferrol. Corazón de navío*.

Agora, a proa da goleta apunta a Ferrol, é dicir, desanda o camiño e volta á casa, ó espacio poético máis agarimado por unha autora que transforma á cidade nun espacio fértil para a nostalxia, que se reencontra coas pegadas infantís e as persoas determinantes na súa existencia. Por veces, Ferrol ofrece unha lectura anagramática, Lorref, que dota de misteriosa forza ó nome dunha vila ambivalente na súa actitude a respecto do mar: que se abre ás ondas e lle dá as súas costas pechando o litoral ó embate dun océano alleo á súa propia esencia. É este o Ferrol que retrata Xan Carballa desde a súa sensibilidade para captar os momentos cotiáns e os lugares esenciais. Deste xeito, fotos e versos, palabra e imaxe, imbrícanse nunha simbiose perfecta transmitindo con fidelidade toda a maxia das rúas natais.

Hoxe baixamos Curretín e máis eu
cara ao Vello Mercado, rúa da Iglesia,
que xa a está a derrubar o Axuntamento.
Falamos simplemente da música de Bach,
deses Cursos de Verán, en Compostela,
do seu pai, que era músico tamén,
da cabana que ten en Valdoviño,
polo lago, nas praias,

ínsua que se me ofrece
para que vaia aló.

Mais a volta ó porto de orixe supón tamén o contacto directo coa memoria, cos tempos idos da infancia e todas as persoas que foron deixando a súa pegada no baúl das ausencias. Con toda esta vagaxe, Xohana Torres constrúe un mundo que comunica os días de agora (*“días para os asombros”*) cos de antano, tinxidos coa *“cor innumerable do outono”*. A memoria non lle é un territorio descoñecido a esta poeta e así o plasmou ela mesma no discurso de ingreso na Real Academia Galega pois a súa obra repasa *“Nomes, lecturas e territorios que afloran a tempo lento como primeiras pedras da catedral da infancia”*ⁱ. Especialmente intenso resulta o encontro coa avoa por canto ela se converte na transmisora dos saberes secretos e arcanos, da lingua que acompañará sempre á poeta. Da man de Lola, a neta Chuchiña irá coñecendo o mundo e aprenderá a voar coas ás da gaivota, a erguer un *“voo nunha curva lentísima, / de xeito pendular”* que a afasta de si mesma. Canta dor no xesto de lavar os ollos da nai, no rostro do afogado na praia e nunha morte irrefutable que se encarna en mil persoas. Desta carencia xorde a cicatriz, a oculta marca que cambia a fisiognomía dun ser sensible ó cambio. A constatación do paso do tempo é terrible cando *“xa o máis puro foi feito para tránsito”* e nada resiste os seus embates, así

É hora de acceder por onde irrumpen
tantas cousas novicias
repasadas
un milleiro de veces en silencio.
Recorro, na propicia ebriedade,
postos sobor dos ollos o Tempo e a Memoria,
un lugar do meu nome consumado á esperanza.

Esa estación para a esperanza non pode ser senón a infancia que se nos enfronta a cada volta do camiño. Non nos queda máis que admitir, en palabras da propia poeta que, *“Hoxe, xa de volta das grandes mareas, declaramos que a vida non é sempre unha travesía ben informada, hai moitas maneiras de ver os mapas, pero ben ve o que mira dúas veces a mesma paisaxe”*ⁱⁱ. Mirar observando con atención os camiños que xa foron, procurar as marcas das pequenas pegadas dos pés dunha nena na area da praia de Cobas, reatoparse coa rapaza de fita vermella ó vento como unha bandeira, un signo, unha marca que fala da súa rebeldía. Resulta que agora *“Ármame a infancia de verdade antiga/ hastra o fondo dos ollos”* e con esas armas

podemos defendernos das agresións do pasado e a tristeza. E, coa mesma, izar a vela e poñer rumbo norte deixando atrás as murallas da cidade:

Lorref, quixera irme.
Todo está feito xa,
o peixe, as redes.
Algo que nin sabía:
As prodixiosas rutas tamén morren.
Abandado o porto
¿quedará para o vento
quizáis algunha vela?...
Lorref ultramarino, polo menos,
acompañame ao sul,
anégame de acacias.

Resulta que en Canido cantaba unha serea e Xohana-Penélope sentíase Ulises, grumete, navegante con todo o océano aberto para as súas rutas.

TERESA SEARA

Festa da Palabra Silenciada, 17, 2002, pp. 91-92.

ⁱCfr. *Eu tamén navegar*, Discurso de ingreso de Xohana Torres na Real Academia Galega, A Coruña, 2001, p. 11.

ⁱⁱ Cfr. *Ibidem*, p. 12.